

## UNIDADE 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero

---

### Lecturas

#### Lectura 1: O mito do andróxino en O banquete de Platón

O filósofo ateniense Platón escribiu O banquete sobre o ano 400 a.C. Nesta obra un dos personaxes, Aristófanes, pronuncia un discurso sobre o amor moi celebrado, pois afirma a existencia dun terceiro xénero, o andróxino. Le o texto e traballa coas preguntas que se che propoñen embaixo:

“A nosa primitiva natureza non era a mesma de agora. Ademais de masculino e feminino existía un terceiro xénero, o andróxino, que participaba destes. A forma de cada individuo era redonda, pegados polas costas. Tiña catro brazos e catro pernas, dous rostros, unha soa cabeza, dous órganos sexuais.

Camiñaba en pé, adiante e atrás segundo desexara, mais sempre que desexaba correr facía xirar os oito membros sobre os que se apoiaba, dando voltas sobre eles a gran velocidade.

(...) Eran seres de gran vigor, tan arrogantes que atentaron contra os deuses. (...) Para castigalos, Zeus dixo: «Cortareinos en dous a cada un deles e así serán ao tempo máis débiles e máis útiles, por se ter duplicado o seu número. Camiñarán sobre dúas pernas, e se continúan a ser arrogantes, outra vez cortareinos á metade, de sorte que anden nunha soa perna, á pata coxa.» Tras dicir isto, dividiunos en dous.

(...) Unha vez que os humanos foron divididos, cada un botaba de menos á súa metade. Rodeábanse cos brazos, apertábanse, desexosos de se unir nunha soa natureza, morrían de fame, por non quererem facer nada separados uns dos outros.”

1. O texto presenta unha visión positiva do terceiro xénero, o andróxino. En que cousas lle parece superior aos seres humanos actuais?
2. Como imaxinas o final da historia? Atrévete cun texto breve que lle poña remate?

## Lectura 2: Entrevista a Cristina Palacios no xornal El País, 6 de febreiro de 2016

Cristina Palacios é a nai de Sara, a primeira nena transexual galega en lograr o cambio legal de nome. Actualmente preside a Asociación Arelas e foi coautora do *Protocolo de Identidade de Xénero no ámbito educativo* editado pola Xunta de Galicia.

Le o texto e traballa coas preguntas que se che propoñen embaixo. Se desexas [ler a entrevista completa, pica nesta hiperligazón](#):

“Cando naceu a nosa filla Sara, apenas sabiamos cousas da transexualidade.

Acumulabamos ideas vagas procedentes da televisión: asociábamola co travestismo, a noite, a farándula... Pero non sabiamos moito máis.

Por iso, cando a nosa pequena Sara –que entón se chamaba Hugo– empezou a probarse a miña roupa, pensamos que sería algo temporal, que probablemente só trataba de imitarme. Entón tiña un ano e medio.

Entre as nosas amigas, a xente tampouco sabía moito. Cando explicabamos que ao regresar da gardería Sara colocábase unha toalla coma se fose unha melena, diciannos que probablemente fose gai. Entón descoñeciamos a diferenza entre a identidade sexual e a orientación sexual, pero agora sabemos que non é o mesmo.

Comezamos a ter unha idea máis clara do que ocurría cara aos tres anos, cando Sara empezou a nomearse. Por exemplo, despois de lerlle un conto –sempre nos pedía que a protagonista fose feminina- diciannos cousas como: «Cando de maior sexa unha moza...».

A partir de entón, vendo que aquilo ía a máis, empezamos a recompilar información. Tras consultar en asociacións e na internet, decidimos que Sara debía expresarse libremente. Para todos os efectos, asumimos que era unha moza e en ningún momento fixémoslle ver o contrario.

Desa etapa temos recordos preciosos, como cando nola atopabamos imitando a Shakira e Beyoncé diante dun espello. Ao atopala así, feliz, entrábanos a risa. Ademais, dábaselle realmente ben...

Aos cinco ou seis anos chegaron os primeiros síntomas de conflito: xa non quería levar bonecas ao colexio, esaxeraba os xestos masculinos, escondía os seus xoguetes cando tiñamos visita... Aos seis anos, un día chegou do colexio e preguntounos: «Que é un maricón?» Durante todo o ano, os insultárona. E ela converteuse nunha persoa máis triste, menos espontánea.

A pesar de que en casa atopaba a liberdade para facer o que quixese, no colexio víase empuxada a ocultar a súa realidade. Lidar con iso supón unha carga moi pesada e un conflito xigantesco para unha nena de seis anos. Pero seguía tendo as cousas claras: «Todas as mañás levántome pensando en como sería vivir como unha nena», diciannos. Nese momento impónse a necesidade de realizar o tránsito social (...)

Tendo unha filla trans, é duro saber que o 83% das persoas adultas trans pensaron algunha vez no suicidio. Sara agora ten 8 anos e vai aos campamentos, fai deporte, ten o seu grupo de amigas e amigos... Divírtese cantando como Shakira e como Beyoncé. Agora é feliz, e debería selo sempre. Entre todas e todos temos a obriga de cambiar as cousas (...)

1. Por que cres que a familia de Sara asociaba a transexualidade coa noite e a farándula? Que imaxe ofrecen os medios das persoas transexuais?
2. Cara aos seis anos Sara inicia o tránsito social. Sabes en que consiste? Que sentimentos e pensamentos pensas que pode experimentar unha persoa que está a realizar o tránsito?
3. Por que cres que é tan importante o feito de poder cambiar o nome e que este figure en todos os documentos legais da persoa transexual?
4. Os datos sobre suicidio dos que fala Cristina Palacios son alarmantes. A que cres que se debe que tantas persoas transexuais pensen no suicidio nalgún momento das súas vidas?
5. Cristina di que «entre todas e todos temos a obriga de cambiar as cousas». Pero, como conseguilo? Pensa nalgunha proposta (a nivel social ou individual) que poda contribuír a lograr este cambio.